

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. O dereito á protección da saúde, na Constitución Española:**

- A) Está recollido entre os principios reitores da política social e económica
- B) Está recollido entre as garantías das liberdades
- C) Está recollido entre os deberes da Administración
- D) Está recollido nunha disposición transitoria

**2. Segundo o artigo 3.3 da Lei Xeral de Sanidade, a política de salud estará orientada:**

- A) Á promoción da saúde infantil
- B) Á prevención dalgunhas enfermidades contaxiosas
- C) Á superación dos desequilibrios territoriais e sociais
- D) Todas son correctas

**3. A Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, refírese a:**

- A) Ao Defensor del Pueblo
- B) Ao Estatuto de Autonomía de Galicia
- C) Ao Tribunal Constitucional
- D) Ao Estatuto de Autonomía de Extremadura

**4. A Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, recolle como principio básico para eliminar as discriminacións entre mulleres e homes:**

- A) Cooperación
- B) Discriminación directa
- C) Discriminación indirecta
- D) Transversalidade

**5. Segundo o artigo 16 da Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica incluírá, polo menos:**

- A) Datos suficientes para a axeitada identificación do paciente
- B) Médico responsable
- C) Datos que identifiquen o proceso de atención sanitaria
- D) Todas as respostas anteriores son correctas

**6. Segundo a Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal dos seguintes dereitos ostenta o persoal estatutario?**

- A) A libre sindicación
- B) Á actividade sindical
- C) Á folga, garantíndose o mantemento dos servizos que resulten esenciais para a atención sanitaria á poboación
- D) Todas as respostas son correctas

**7. Segundo a Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, é causa de extinción da condición de persoal estatutario fixo:**

- A) A incapacidade temporal
- B) A situación de servizos especiais
- C) O permiso sen soldo
- D) Ningunha das anteriores

**8. O Servizo Galego de Saúde configúrase como:**

- A) Unha empresa pública
- B) Un consorcio sanitario
- C) Un organismo autónomo con personalidade jurídica
- D) Ningunha é correcta

**9. A provisión das prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde rexirase polos seguintes principios básicos:**

- A) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade na selección, promoción e mobilidade do persoal do organismo
- B) Mérito e capacidade na selección do persoal do organismo
- C) Igualdade e publicidade na mobilidade do persoal do organismo
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta

**10. Segundo a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o tratamento dos datos de carácter persoal:**

- A) Requirirá sempre o consentimento escrito do afectado
- B) Requirirá sempre o consentimento escrito ou verbal do afectado
- C) Requirirá o consentimento inequívoco do afectado, salvo que a lei dispoña outra cousa
- D) Todas as respostas anteriores son falsas

#### Preguntas de reserva

**1. Segundo a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, son principios da acción preventiva, entre outros:**

- A) Evitar os riscos
- B) Combatir os riscos na súa orixe
- C) Ter en conta a evolución da técnica
- D) Todas as respostas anteriores son correctas

**2. A Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes será de aplicación:**

- A) A todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia unicamente nos centros e establecementos sanitarios públicos
- B) A todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios privados concertados co Servizo Galego de Saúde
- C) A todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sexan ou non concertados co Servizo Galego de Saúde
- D) Ningunha resposta é correcta